

Ímoslle chamar...

*Algúns nomes e apelidos galegos
para a túa nena e para o teu neno*

*Antía? Alberte?
Lúa? Paulo?
ou Sabela? Xoel?...
Hai tantos!*



XUNTA DE GALICIA

A

Ada

Do hebreo *hagar*, ‘fuga’, ‘fuxitiva’.

Ádega

Do grego *agathé*, ‘boa’.

Variante: Águeda.

Adela

Forma reducida de Adelaida/Adelaira, creadas sobre a raíz xermánica *atha-la-*, ‘nobre’.

Alborada

Derivado de *albor* e este do latín *alborem*. Significa ‘mencer’.

Aldara

Antigo nome galego de orixe xermánica, ‘guerreiro sabio’.

Variante: Ilduara.

Aloia

Monte do mesmo nome en Tui.

Ana

Do hebreo *Hannah*, ‘(Deus) axudou’ ou ‘Deus tivo misericordia’.

Anaia

Do vasco *Anai(a)*, ‘irmán’, que no medioevo chegou a significar ‘señor’.

Antela

Nome procedente dun topónimo de orixe latina, probablemente co significado de ‘anta pequena’.

Antía

Do grego *Anthía*, ‘florida’, ‘extraída das flores’. Referíase ao primeiro panal de mel que fabricaban as abellas, tamén chamado en galego entena.

Anxos

Advocación mariana: Nosa Señora dos Anxos. A advocación xurdiu a raíz dun fenómeno atmosférico insólito producido un verán de moita seca que os fieis interpretaron como unha nevada en pleno mes de agosto.

Variante: Ánxeles.

Aranza

Nome de lugar convertido en nome de persoa. Posiblemente estea relacionado co vasco *Arantzazu*, ‘serra de moitos picoutos’ ou ‘lugar cheo de espiños’.

Ástrida

Do xermánico nórdico *Ástrid*, posiblemente composto de *astr-*, ‘estrela’, e (*f*)*ridh*, ‘belo, amado’. Tamén pode proceder de *asa* e *trud*, co significado de ‘Deus é fiel’.

Variante: Ástride.

B

Baia

Do grego *Eulalia*, ‘que fala ben’.

Variantes: *Alla*, *Balla*, *Oballa* e o cultismo de introdución recente *Eulalia*.

Barca

Palabra de orixe hispánica incorporada ao latín serodio. Orixinalmente puido significar ‘caixón, artesa’ e de alí derivarían os actuais *barco* e *barca*.

Beatriz

Do latín *Beatrix*, derivado de *beare*, ‘facer feliz’.

Belén

Do hebreo *Beth-lehem*, ‘casa do pan’, nome dunha vila palestina.

Benvida

Nome medieval de bo agoiro para unha filla esperada.

Bernalda

Do xermánico *Bernhard*, co significado de ‘guerreiro forte e audaz’, ou *Bernald*, ‘guerreiro vello, ilustre’.

Variante: Bernarda.

Bieita

Do latín *Benedictus*, ‘bendito’.

Variantes: Benta, Benita e Benedita.

Branca

Do xermánico *blank*, ‘branco, claro, brillante’.

C

Calista

Do grego *Kallistos*, ‘belísimo, fermosísimo’.

Variante: Calistra.

Candea

Do latín *candela*. Como nome propio procede de *Festum Candelorium*, ‘festa das candeas’.

Variantes: Candeloria, Candela.

Caridade

Do latín *charitatem*, ‘amor’.

Carme

Procede dun topónimo, o dun monte situado entre a fronteira de Galilea e Samaría. Do hebreo *Karmel*, ‘xardín’, a través do latín *Carmelus*.

Variantes: Carmo, Carmela.

Carolina

Do xermánico *Karl*, latinizado como *Carolus*. Nun principio era nome común que significaba un ‘home libre, pero sen bens de seu’; logo pasou a designar o cargo de ‘mestre ou mordomo do pazo’ entre os reis francos. Cando o poder destes mordomos medrou, *karl* pasou a ser un título e, finalmente, chegou a ser nome propio.

Variantes: Carlota, Carla.

Catarina

Relacionado co adxectivo grego *katharós*, ‘puro’.

Variantes: Catuxa (tamén diminutivo), Cateliña, Cataliña, Catalina.

Cebreiro

Procedente dun topónimo, úsase como nome composto: María do Cebreiro.

Celtia

Derivado do nome común *celta*, é o nome poético que Eduardo Pondal aplica a Galicia, na súa firme crenza de que o noso país é, entre as da península Ibérica, a terra dos celtas por excelencia.

Chorima

Nome da flor do toxo, procedente do latín *flor*. É Xesús Ferro Ruibal, no seu *Diccionario dos nomes galegos*, quen propón usalo como antropolónimo.

Clara

Nome latino que significa ‘brillante, ilustre, famosa’.

Comba

Antigo nome galego procedente do latín *columba*, ‘pomba’. A pomba é animal sagrado de Venus, símbolo da paz no Antigo Testamento e do Espírito Santo no Novo.

D

Danila

Antigo nome galego de orixe xermánica, composto de *dans*, ‘danés’, e do sufixo *–ila*.

Delaira

Do xermánico *Adelheid*, significa ‘de condición, aspecto ou familia nobre’.

Variantes: Adelaira, Adelaida.

Doce

Do latín *Dulcis*, ‘doce’. Refírese a unha advocación mariana: o *Doce Nome de María*.

Variante: Dulce.

Dores

Deriva do latín *Dolores*, plural de dolor e este de *doleo*, ‘sufrir’. Nome de advocación mariana.

Variante: Dolores.

Dubra

Nome céltico que antes era topónimo e que agora é xa nome de muller. O nome deste afluente do río Tambre significa ‘augas’.

E

Einés

Do nome grego (*H*)*agné*, ‘pura, casta’.

Variantes: Inesa, Inés.

Elisa

Nome fenicio de significado descoñecido.

Estrela

Do latín *stellula*, diminutivo de *stella*, ‘estrela’.

Exería

Nome latino procedente, se cadra, do grego *egerio*, ‘mover’. Levou este nome a nobre viaxeira galega que, no século IV ou V, deixou constancia da súa peregrinación a Xerusalén no seu *Itinerario*.

F

Fátima

Topónimo portugués derivado do árabe *Fâtima*, nome da irmá de Mahoma. Significa ‘doncela’ ou ben ‘a que desteta os meniños’.

Faro

É nome de monte desde que a illa grega de *Pharos* designou o faro que nela había. Posiblemente, Faro chegase a ser nome de monte porque os montes eran, en tempos, mediante sinais de fume ou lume, un medio de transmitir diversos avisos, maiormente ante invasións marítimas.

Felicidade

Nome latino que expresa alegría polo nacemento dunha filla.

Variante: Felicitas.

Flavia

Nome de muller procedente do apelido dunha familia que chegou a dar tres emperadores a Roma. Deriva do adxectivo *flavus*, ‘dourado’, que se lles aplicaba ás persoas de cabelo louro.

Franqueira

Posiblemente relacionado con *francos*, quizais como resultado dunha antiga colonización, é o nome do santuario de Santa María da Franqueira (A Cañiza-Pontevedra).

G

Grial

De orixe descoñecida, aínda que o seu significado si se coñece: ‘cunca’, ‘cáliz’, máis concretamente refírese á copa que Xesús usou na última cea e que foi obxecto de singular culto relixioso e literario durante toda a Idade Media.

Guadalupe

Do topónimo árabe *Wadi al-lub*, que significa ‘río agochado’ ou ‘río do lobo’.

Guía

Advocación mariana procedente do substantivo común guía, do xermánico *witan*, ‘guiar’.

Guiomar

Nome antigo derivado do xermánico *wig*, ‘combate’, e *mar*, ‘célebre’.

H

Helena

Do nome latino *Helena* ou *Helene*, tomado do grego *Helene*. A súa etimoloxía é dubidosa. É posible que proceda da unión das palabras gregas *hela-ne*, ‘facho’, ‘tea’ e *hele*, *heile*, ‘fulgor ou calor do sol’, ‘luz brillante’.

I

Icía

Do adxectivo latino *caecus*, ‘cego’. Dada a acentuación primitiva na primeira sílaba (*Caécilius*), relaciónase tamén con algúns nomes propios etruscos, como *Caécina*. Variantes: Cecía, Cilla, Cecilia.

Iolanda

De etimoloxía incerta, atribúeselle o significado de ‘cor da violeta’.

Irea

Deriva do nome grego *Eirene* (‘paz’, ‘deusa da paz’), latinizado como *Irene*. Variantes: Irena, Iría, Erea.

Iria

Probablemente, do topónimo Iria Flavia.

Irimia

Nome tomado dun topónimo, o Pedregal de Irimia (Meira, Lugo), e de etimoloxía incerta. É un antigo glaciar que dará orixe ás primeiras augas do río Miño.

Iris

Do grego *Eiro*, ‘anunciar’, daba nome a unha deusa mensaxeira doutros deuses. Personifícase no arco da vella, por dar a impresión de que une a terra e o ceo. Tamén é nome de flor e, na relixión cristiá, é unha advocación mariana.

Iрма

Do xermánico *irmin*, ‘grande, poderoso’, epíteto do deus xermano *Tiwaz* ou *Ziu*.

L

Laura

Do nome latino *Laurea*, posiblemente co significado ‘coroa de loureiro’. Se cadra, o nome latino é tradución do grego *Dafne*, ‘loureiro’.

Lédea

Do nome grego *Lydia*, ‘muller oriúnda da Lidia, rexión de Asia menor’, xa existente entre gregos e romanos.

Variante: Lidia.

Ledicia

Derivado do nome latino *Laetitia*, ‘ledicia’.

Variante: Leticia.

Lía

Do hebreo *Le’ah*, adaptado ao grego como *Leia* e ao latín como *Lía*. Pola tradición popular significaba ‘fatigada, cansa’, pero na actualidade pénsase que o seu significado era ‘vaca’, en alusión aos rabaños do pai da Lía bíblica.

Variante: Lea.

Liberdade

Da palabra latina *libertatem*, de transparente significado. Nome ideolóxico recente, de carácter democrático ou libertario, para lle render culto á idea que encerra a palabra.

Lionor

De orixe discutida, pode proceder do árabe (co significado ‘Deus é a miña luz’), do provenzal *Alienor* (posiblemente relacionado co gótico *alan*, ‘medrar’) ou do gálico *Leonorius*, quizais aglutinación de León e Honorio.

Variantes: Lianora, Leonora, Leonor, Eleonor.

Locaia

Do nome latino *Leocadia*, que pode ser adaptación do grego *Leukadia*, ‘a branca, a resplandecente’. Variantes: Lucaia, Leocadia.

Lúa

Nome afectivo e augural dado a unha meniña co desexo de que sexa tan luminosa, bela ou influyente coma a lúa (do latín *luna*).

Luísa

Latinización medieval dun nome orixinalmente xermánico que significaba ‘glorioso na batalla’.

Lupa

Do alcume latino *Lupus*, ‘lobo’. Augura a quen leva tal nome as calidades positivas deste animal.

M

Mara

Posible nome de orixe bíblica. Significa ‘aflita, infeliz’. Úsase tamén como variante de María, Amara e Mar e mais como diminutivo de Anxos.

María

Do nome persoal hebreo *Maryam*, aínda que a súa orixe non está en Israel, senón no Exipto dos faraóns: *mrj(t)*, ‘amada’.

Variante: Maruxa.

Mariña

Do nome latino *Marina*, ben derivado de *Marius*, ben procedente do adxectivo *marina*, co significado de ‘mariña’, ‘que vén do mar’ ou ‘que vive no mar’.

Martiña

Nome latino que significa ‘de Marte’, ‘dedicado ao Deus Marte’.

Maxina

Pode proceder do nome latino *Maginus*, e daquela ter o significado de ‘meiga, feiticieira’, ou ben ser unha deformación de *Maxima*, que en orixe significaba ‘a filla máis vella’. É o nome da protagonista da primeira novela escrita en galego: *Maxina ou a filla espúrea*, de Marcial Valladares.

Mencía

Hoxe por hoxe é unha incógnita a orixe e significado deste antigo nome galego.

Mercé

Nome da Virxe desta advocación, patroa de Barcelona. A palabra *mercé* significou inicialmente ‘mercadoría’, ‘prezo’ e posteriormente ‘misericordia’, ‘perdón’.

Variantes: Mercés, Mercedes.

Minia

De orixe incerta, quizais etrusca. Tamén evoca o nome latino do río Miño (*Minius*) que, máis dunha vez, se relacionou co *minium*, ‘cinabrio’, ‘minio’, ‘óxido de ferro ou de chumbo, mercurio ou arsénico’.

Mor

Se cadra, este nome procede dunha advocación da Virxe: a da basílica de Santa María a Maior de Roma.

Variante: Maior.

Muma

Quizais un antigo nome latino *Mummia*, en relación con *mamma*, ‘naiciña’, ‘seo da muller’, termo do vocabulario infantil existente en case todas as linguas.

N

Nataxa

Adaptación do ruso *Nataxa*, diminutivo de *Natalija* (Natalia), que á súa vez procede do latín *natalis* e significa ‘natal, relativo ao nacemento’.

Variante: Natalia.

Natividade

Do latín *Nativitatem*, ‘nacemento’, ‘nadal’.

Navia

Procede dun topónimo. A súa orixe parece levarnos a unha raíz *nav-*, ‘embarcación, nave’ e pode aludir a paisaxes en forma de nave (*nava*).

Nazaré

Do grego *Nazaréth*, a través do latín *Názareth*, adaptacións do antigo nome hebreo para esta cidade de Palestina, *Nasrat*, que significaba ‘a gardiá, a gardadora’.

Neves

Plural do nome común neve, do latín *nix*, *nivis*.

Noa

Probablemente se trate do feminino de Noé ou quizais proveña do latín *Noa*, antiga cidade da Etiopía. Podería tamén proceder do hebreo *Noah*, relacionado con *No’am*, ‘delicia’, e con *niham*, ‘aliviar’.

Noela

Topónimo que algúns investigadores consideran que corresponde ao nome medieval da actual vila de Noia.

Variante: Noega.

Noemia

Do nome persoal hebreo *No’omi*, derivado do substantivo no’am ‘alegría, ledicia’, que probablemente significaba ‘a miña ledicia’ ou ‘Deus é ledicia, Deus é amor’.

Variante: Noemí.

Norma

Probablemente se trate da forma feminina de *Norman*, nome inglés común antes da conquista normanda, procedente do anglosaxón *Northman*, ‘home do norte’, ‘noruegués’.

O

Olga

Nome ruso de orixe escandinava, posiblemente do antigo noruegués *Helga*. Parece derivar dunha abreviación de nomes que teñen por primeiro elemento *heil*, ‘saúde’, que orixinariamente significaba ‘invulnerable’.

Oliva

Posiblemente do latín *Oliva*, ‘oliva’, usado como nome persoal. A póla da oliveira é o símbolo da paz na Biblia e da sabedoría e da gloria en Grecia.

Variante: Olivia.

P

Paderna

Forma feminina e evolucionada de Paterno, do latín *Paternus*. Significa ‘paterno, pertencente ao pai’, mais cómpre saber que o *pater* latino non indica tanto paternidade física como a función social do xefe da familia.

Palmira

Nome dunha cidade do deserto árabe-sirio. Tamén se considera derivado de palma, nome que se dá na celebración do Domingo de Ramos.

Paula

Do latín *Paulus*, ‘pequeno’.

Paz

Do latín *pax*, *pacis*, ‘paz’.

Piedade

Do latín *pietas*, *pietatis*, ‘respecto aos pais e deuses’, ‘compaixón dos desvalidos’.

Pomba

Do latín *palumba*, ‘pomba’. Esta ave é animal sagrado de Venus, símbolo da paz no Antigo Testamento e do Espírito Santo no Novo.

Pompea

Do latín *Pompeius*, nome dunha *gens* romana. Probablemente teña relación co numeral sabino *pompe*, ‘cinco’.

Portal

Derivado do latín *porta*. É nome dunha advocación mariana do convento de Belvís (Santiago de Compostela).

Preciosa

Nome augural ou afectivo dado a unha filla que se desexa que sexa ‘preciosa’. Vén do latín *pretiosus*, xa usado como apelido en Roma.

Pura

Feminino de *purus*, palabra latina que significa ‘puro, limpo, inmaculado’. Tamén pode usarse como forma abreviada de Purificación.

Q

Quitera

Do latín eclesiástico *Quiteria*, talvez latinización dun nome celtíbero, ou de **Kyteria*, *Kythereia* en grego, epíteto de Venus Afrodita que significaba ‘da cidade de Citeres, en Creta’. Variantes: Quiteria, Quitérea.

R

Raquel

Do hebreo *Râhêl*, ‘año, ovella’.

Reis

Do latín *reges*, ‘reis’.

Rexina

Do latín *regina*, ‘raíña’.

Rita

Nome familiar italiano de *Margherita*, que se espallou en Occidente pola popularidade da santa medieval que levou este nome.

Rosa

Do latín *rosa*, ‘rosa, flor da roseira’, ou tamén abreviatura de Rosalía.

Rosalía

Non está clara a súa orixe, aínda que o máis probable é que se trate do nome xermánico *Ruozelin*, formado sobre a raíz *hroth-*, ‘fama, sona’.

Rosario

Do latín *rosarium*, ‘roseira, xardín de rosas’, alude a unha advocación mariana.

Rute

Do hebreo *Ruth*, interpretado como ‘beleza’ ou ben procedente de *Re’ut*, ‘amizade’. Variante: Ruth (variante gráfica).

S

Sabela

Procedente do nome hebraico *Elixeba*, que podería significar ‘Deus é xuramento’ ou ‘Deus é perfección’. Variante: Isabel.

Saleta

Nome derivado dunha advocación mariana, como homenaxe á virxe aparecida na Salette (Francia).

Sara

Do hebreo *sarah*, ‘princesa’.

Sarela

Forma diminutiva de Sar, que deriva do céltico ou precéltico *sar*, ‘corrente de auga’.

Saúde

Do latín *salute*, ‘saúde’. Existía unha deusa *Salus*, que era ‘a que asegura a curación’, pero o nome adquire novo significado co cristianismo: ‘salvación’.

Silvia

Do latín *Silvius*, que significa ‘do bosque, boscoso’.

Sira

Derivado do latín *sirius*, ‘habitante de Siria’.

Socorro

Do latín *sucurro*, ‘correr en auxilio, socorrer’. É advocación mariana.

Soidade

Do latín *solitatem*, fai referencia á soidade en que se achou a Virxe María tras a morte de Xesús.

Suevia

Do latín *Suevia*, a patria dos suevos, xermanos que invadiron a península Ibérica e que se estableceron en Galicia, onde reinaron por cerca dun século.

Susana

Do hebreo *xuxân*, ‘lirio’. Nome persoal semítico transmitido a través do grego *Susanna* e *Susanná*.

T

Taís

Do grego *Thaís*, antropónimo feminino de orixe escura, a través do latín *Thais*, posible aférese de *Pithais*, ‘pítica, de Delfos’.

Támara

É un nome de río convertido en antropónimo, pois evoca a *Tamaris*, forma latina do actual río Tambre. É de orixe prerromana escura, quizais celta.

Tamara

Vello nome da Europa oriental relacionado co hebreo *thamar*, ‘palmeira’.

Tareixa

Nome hispano frecuente na Idade Media que tiña como forma primitiva *Tarasía*, de orixe escura. Variantes: Tereixa, Teresa.

Tasia

Orixinalmente era un diminutivo de *Anastasia* (nome grego formado sobre *anastasis*, ‘resurrección’), pero independizouse e adquiriu categoría de nome oficial. Variante: Anastasia.

Tegra

Do latín eclesiástico *Thecla*, formado sobre o grego *Thekla*, ‘que ten fama por causa dos deuses’. Variantes: Tecra, Tecla, Técola, Tiexa.

U

Ulla

É un nome de río de orixe descoñecida que recentemente se introduciu como nome de muller.

Uxía

Deriva do grego *Eughéneia*, poeticamente *eugenia*, ‘nobreza de nacemento’. Variantes: Euxenia, Euxea, Oxea.

V

Vanda

Do xermánico *vand*, ‘espírito, alento’.

Vera

Do ruso *Vèra*, ‘fe’, procedente do latín *verus*, *vera*, ‘verdadeiro’. Nalgunhas linguas funciona como diminutivo de Verónica.

Vitoria

Do nome persoal latino *Victorius*, relacionado popularmente con Vitor, pero procedente dun nome persoal máis antigo, *Vitorius*, *Viturius*, de orixe etrusca. A forma feminina é unha advocación da Virxe María.

Virxilia

Do latín *Vergilius* ou *Virgilius*, nome dunha *gens* romana.

Virxinia

Do latín *Virginius*, quizais derivación de *virgo*, ‘virxe’; nome dunha *gens* romana plebea, posiblemente de orixe non latina.

X

Xandra

En paralelo coa recente expansión polo mundo do diminutivo italiano *Sandra*, produciuse en Galicia idéntico proceso con este diminutivo de *Alexandra*.

Xela

Esta é unha das posibles formas femininas do nome masculino Anxo, do latín eclesiástico *Angelus* e, este, do grego *ággelos*, ‘mensaxeiro’. Variantes: Anxa, Anxela.

Xeloíra

Nome hispano que podería ter orixe visigótica e significar ‘amiga da lanza’ ou ‘alegre e amistosa’, ou ben ser de orixe vasca e significar ‘vila nova’. Variantes: Xelvira, Elvira.

Xenevra

Do francés *Genièvre*, da forma anglonormanda *Guennièvre* e, pola súa vez, do galés *Gwenhwyvar*, ‘espírito, elfo luminoso’ ou ‘que brilla no medio dos elfos’.

Xesusa

Forma feminina de Xesús, nome procedente do hebreo *Yeshua’*, a través do grego *lesoûs* e do latín *Iesus*. Significa ‘Deus salva, Deus é salvación’.

Xiana

Alguns topónimos galegos (Xián, Xiá) teñen orixe nun nome xermánico *Egila*, *Egilanus* ou *Egeo* usado en Galicia na Idade Media e que significaba ‘puñal’. Tamén pode ter relación co latín *Iulianus*, ‘da gens *Iulia*’, á que pertenceron César e Augusto. Variante: Xuiá.

Xoana

Procede do hebreo *Yohanan* ou *Yehonan*, ‘Deus é misericordioso’.

Xosefa

Do hebreo *Yoseph*, ‘que Deus engada, multiplique’.

Variante: Xosefina.

Xudite

Do hebreo *Yehudit*, ‘xudía, hebrea’, adaptado ao grego e ao latín como *Judith* ou *Iudith*. Variante: Xudit.

Xulia

Do latín *Iulius*, ‘orixinario da gens *Iulia*’, á que pertenceron César e Augusto. Este nome significaba ‘de Xúpiter’ e relacionaba a familia coa máxima divindade do Olimpo.

Z

Zaida

Nome árabe derivado do verbo *Zaada*, co significado de ‘a que medrou’, ou ben feminino de *Zaid*, antropónimo masculino.

Alguns nomes galegos para o teu neno

A

Ademar

Nome xermánico cuxo significado é ‘nobre ilustre’.

Adrán

Do latín *Hadrianus*, sobrenome dunha estirpe romana da cidade de Hadria (Italia). A orixe parece ser etrusca. Podería estar tamén ligada a un *Ariainn* das linguas célticas (divindade relacionada co pastoreo e a agricultura). Variantes: Adrao, Adrián, Adriano, Hadrián, Hadriano.

Afonso

É un nome formado en Galicia pola confluencia de catro nomes xermánicos moi próximos: *Aldefunsus*, *Hildefunsus*, *Hathunfus* e *Alafunsus*. O elemento *funs* significa ‘rápido, valente’. Variante: Alfonso.

Airas

Antigo nome galego, frecuente na época medieval, pero de orixe escura. Para uns deriva dun topónimo Airas (procedente de *areas*, ‘currais das casas’, ou de *agras*); para outros, está relacionado coa raíz prelatina *ar-*, ‘val’, ou con *anas*, ‘río’. Variante: Arias.

Alberte

Pénsase que procede da confluencia de varios nomes preexistentes co elemento común *berth*, ‘claro, ilustre’. Variante: Albertos.

Aldo

Procede do longobardo *ald*, ‘adulto, crecido, vello’.

Aldán

Probablemente deriva de Aldo (véxase). Hoxe é un topónimo que se converteu en nome persoal galego que non ten equivalente noutras linguas.

Alexandre

Do grego *Aléksandros*, ‘defensor dos homes’ ou ‘protexido’, a través do latín *Aléxander*, *Alexandri*. Variantes: Aleixandro, Alexandro, Lisandro.

Amede

De etimoloxía escura, talvez relacionada coa palabra grega *mammé*, ‘nai’. Por etimoloxía popular asociouse ao vocábulo latino *mamma* (‘mama, teta’), de aí que Santo Amede se convertese en avogado das amas de cría. Variante: Amedio, Mamedio, Mamede.

Andeca

Antigo nome galego de orixe prerromana descoñecida. Foi nome dun dos reis suevos de Galicia no século VI.

André

Do grego *Andréas*. Algúns derivano de *andréia*, ‘virilidade, valor’. Variantes: Andreu, Andel, Arandel, Andrés.

Ansur

Antigo nome galego co significado de ‘uro (especie de bóvido xa extingui-da) de Deus’, quizais en referencia a un animal sagrado. Tamén hai quen o considera un nome indíxena relacionado con *Suario* e de onde derivaron *Sueiro* e *Súdez*.

Antón

Do latín *Antonius*, nome dunha *gens* romana. De orixe posiblemente etrus-ca, ten significado escuro. Variante: Antoño.

Anxo

Do latín eclesiástico *Angelus* e, este, do grego *ággelos*, ‘mensaxeiro’. Variante: Ánxelo, Xelo.

Artai

Na historia mítica galega (popularizada por historiadores decimonónicos coma Benito Vicetto) foi o fillo máis vello do primeiro poboador de Galicia, Brigo. Disque el foi o proxenitor do pobo dos ártabros, que se espallou po-las mariñas betanceiras cara ao cabo de Fisterra, e que lle deu nome á vila de Arteixo. Tivo unha filla chamada *Celt*, proxenitora da raza celta. Variantes: Artei, Arteigo.

Artur

De orixe moi discutida, relacionouse con palabras celtas como *artos*, ‘oso’, ou *art*, ‘pedra’; outros estudosos apuntan a unha orixe latina no nome dun-ha *gens* chamada *Artorios*, *Arctorius* ou *Arcturius*. Variante: Arturo.

B

Bertrán

Do xermánico *Berht*ram ou *Berath*traben, de *berht*, ‘brillo’, e *hramn* ou *hra-ben*, ‘corvo’, latinizado despois en *Bertranus*. Na mitoloxía xermánica, os cor-vos acompañaban a Odín e simbolizaban a memoria e a intelixencia. Variantes: Beltrán.

Bieito

Do latín *Benedictus*, ‘bendito’. Variantes: Bento, Benito.

Brais

Do latín *Blasius*, alcume romano de orixe escura, posiblemente procedente do latín *blaesus*, ‘tatexo’. Variante: Bras.

Brandán

Do celta *Brenainn*, nome dun santo irlandés do século VI, latinizado como *Brendanus* e *Brandanus*. Variante: Barandán.

Brate

Pai de Breogán (véxase), segundo as sagas célticas. El foi quen logrou esta-blecerse no territorio galego, despois de loitar coas tribos existentes no país. Variante: Brath.

Breixo

Probablemente proveña do nome latino *Verissimus*, superlativo de *uerus*, ‘persoa que sempre di a verdade’. Variante: Bréixome.

Breogán

Este nome celta significa ‘xefe dunha briga’. *Briga* ten o significado dunha ‘elevación, monte’ e, por ampliación, ‘comunidade que vive nunha altura, nun castro’. Segundo a mitoloxía histórica galega, patriarca fundador da nación galaica nos tempos prehistóricos.

C

Carlos

Do xermánico *Karl*, latinizado como *Carolus*. Nun principio era nome co-mún que significaba un ‘home libre, pero sen bens de seu’; logo pasou a de-signar o cargo de ‘mestre ou mordomo do pazo’ entre os reis francos. Cando o poder destes mordomos medrou, *karl* pasou a ser un título e, finalmente, chegou a ser nome propio.

Cibrán

Do latín *Cyprianus*, nome étnico procedente do adxectivo *cypeius*, ‘de Chi-pre’. Tamén é relativo a *Cipris* ou *Ciprina*, sobrenome de Venus, que recibía culto nesta illa. Variantes: Cibrao, Ciprián.

Cidre

Derivación do nome grego *Isídoros*, ‘don da deusa Isis’. Variantes: Sidre, Sidro, Isidro.

Covade

De *Cucuphate*, nome de orixe escura, quizais derivado de *Cucufa*, ‘cofia’, co significado de ‘que leva cofia, encapuchado’.

Cristián

Do latín *Christianus* e, este, do grego *Christianós*, ‘seguidor de Cristo’.

Cristovo

Nome cristián-romano de orixe grega, *Christophoros*, que significa ‘porta-dor de Cristo’, ‘o que leva a Cristo’.

D

Dagaredo

Antigo nome galego de orixe xermánica, de *dags*, ‘día’, e *reths*, ‘consello’.

Daniel

Nome hebreo que significa ‘Deus é o meu xuíz’ ou ‘Deus xulgou’.

Dauti

Forma antiga, influída polo árabe, da máis frecuente *Davide*. Ten orixe no hebreo *Dawidh*, que uns interpretan como ‘o amado’ e outros relacionan co antigo asirio *dâwidum*, ‘comandante’. Variantes: Davide, David.

Denís

Nome procedente do francés *Denis*, apóstolo da Galia, e este do latín *Diony-sius*, ‘relativo a Dionisos’ ou ‘fillo de Deus’. Variantes: Dinís, Dionisio.

Domingos

Do latín *Dominicus*, ‘do señor’. Chegou a Galicia por vía culta e por iso con-seva o –s do nominativo latino.

Diego

Ten orixe na forma *Didacus*, de procedencia dubidosa. Talvez sexa a mascu-linización do nome feminino *Didaca*, ‘doutrina, instrución’.

Duarte

Do anglosaxón *Eadweard*, ‘que vixía as riquezas’, ‘gardián dos bens’. Variante: Eduardo.

E

Ecequiel

Nome hebreo dun dos profetas maiores do Antigo Testamento, *Y’hezqel* ‘Deus dá forzas’, a través do latín *Ezechiel*.

Eliseu

Nome hebreo que significa ‘Deus é salvador’.

Ernesto

Nome xermánico de introdución recente cuxo significado podería relacio-narse con ‘batalla, combate, guerra’.

Ero

Procedente do xermánico *hairu*, ‘espada’, puido influír na súa difusión a con-fluencia co nome *Eros*, procedente do grego *Eros*, ‘amor, paixón’.

Estevo

Do latín *Stephanus*, que reproduce pola súa vez o grego *Stêphanos*, nome persoal moi antigo e tamén nome común que significa ‘coroa’. Variante: Esteve.

Eutelo

Do grego *Eleutherios*, ‘que procede como home libre’, ‘liberal, xeneroso’, ou ‘libertador’.

Variantes: Outel, Toutel, Tutel, Leuter, Eleuterio.

F

Ferreol

Do latín *ferreolus*, diminutivo de *ferrum*, ‘ferro’.

Filipe

Do grego *Philippos*, ‘que ama os cabalos’.

Fiz

Do latín *felix*, *felicis*, ‘frutífero, fértil, fecundo’ e despois ‘favorito dos deuses’, de onde se derivou o significado de ‘feliz’. Variantes: Fins, Félix.

Francisco

Do latín serodio *franciscus*, adxectivo adaptado do xermánico **frankisk*, que significaba ‘franco, propio dos francos’. Tras a fusión étnica entre a poboación galo-romana e os francos conquistadores, pasou a significar ‘francés’. Variante: Franco.

Frederico

Do xermánico *Frithurik*, significa ‘que domina a súa posesión’ ou ‘que do-mina pola paz’. Variante: Federico.

G

Galván

Do nome céltico bretón *Gwualchmei*, adaptado ao francés antigo como *Gau-vain*. A forma primitiva deste nome era irlandesa, *Coemgen*, ‘nacemento feliz’.

Goter

Do xermánico *walthari*, ‘que manda no exército’.

Variantes: Goterre, Gualterio.

Guillermo

Nome xermánico cuxa forma orixinal era *Willehelm* e cuxo significado é ‘helmo de vontade’, ‘vontade que protexe’ ou ‘o que quere o helmo’. Variantes: Guillelme, Guillermo, Guillén.

Guimar

Nome medieval xermánico procedente de *Wimara*, de significado pouco claro, quizais ‘cabalo de batalla’. Variantes: Guímara, Vímara, Vimar, Vimarasio.

Gundar

Probablemente do antigo nome xermánico *Guntard*, composto do verbo **gunthi*, ‘loitar’, Variante: Gondar.

H

Heitor

Do grego *Héktor*, que, tradicionalmente, se interpreta como ‘rexedor (do pobo)’. Tamén podería significar ‘persoa formada’.

Henrique

Nome de orixe xermánica. O segundo elemento que o forma é *rik*, ‘poderoso’, ‘señor’, pero sobre o primeiro hai dúas hipóteses: podería ser *haim* (‘casa’, ‘terra’) e daquela significaría ‘dominador da súa terra’, ou ben *ein* (‘único’ ou ‘sempre’) e daquela significaría ‘señor único’ ou ‘que é sempre señor’. A primeira hipótese xustifica as formas con hache inicial que atopamos en diferentes linguas, en tanto que a segunda xustifica as formas sen hache. Variante: Enríque.

I

Iago

Podería derivar do medieval *Diago*/*Diego*, pero parece máis verosímil que sexa unha das evolucións galegas de *Iacob*, cuxo significado máis probable é ‘Deus protexeu’.

Ite

Nome celta tomado da mitoloxía irlandesa e aceptado na historia mítica de Galicia. É un dos fillos de Breogán (véxase), que divisou Irlanda desde o máis alto do faro de Brigantia (A Coruña) e embarcou cara a ela. Os habitantes da illa matárono e Breogán mandou unha nova expedición de vinganza e conquista. Variante: Ith.

Ivo

Adaptación latina dun nome de orixe céltica formada por *ivos*, ‘madeira de teixo (árbore sacra)’, ou ben de orixe xermánica *ihwa-*, co mesmo significado.

L

Lancelote

Adaptación do francés *Lancelot*, da forma xermánica *lanzo*, derivado da raíz *landa*, ‘país’.

Variante: Lanzarote.

Lois

Latinización do nome xermánico *Hlodwig*, ou *Hladowig* que significaba ‘glo-rioso na batalla’.

Variante: non está claro se Lois e Luís son o mesmo nome, mais o uso con-sâgraos como sinónimos.

Lopo

Do alcume latino *Lupus*, ‘lobo’. Augura a quen leva tal nome as calidades positivas deste animal.

Variante: Lupo.

Lourenzo

Do xentilicio latino *Laurentius*, ‘da cidade de Laurentum’.

M

Maeloc

Nome celta que talvez significase ‘grande’.

Manilán

De orixe descoñecida, quizais do latín *Manilius*, nome relacionado con *ma-nes* (‘ánimas’, ‘almas dos mortos’), ou do xermánico *Manila*, diminutivo do gótico *Manna* (‘home’).

Variante: Mánila.

Manuel

Do hebreo *Immanu’el* (‘Deus connosco’, ‘Deus está connosco’), que pasou ao latín como *Emmanuel*.

Variante: Manoel.

Marco

Do latín *Marcus*, ‘de Marte’, ‘dedicado ao deus Marte’.

Variante: Marcos.

Martiño

Do nome romano *Martinus*, derivado de *Mars*, *Martis* (‘Marte’, ‘deus da gue-rra’). Significa ‘de Marte’, ‘dedicado ao deus Marte’.

Variante: Martín.

Mateu

Do nome hebreo *Matithyah*, ‘don de lavé’, que tamén lle dá orixe ao nome Matías.

Variante: Mateo.

Maxín

Pode proceder do nome latino *Maginus*, e daquela ter o significado de ‘meigo, feiticieiro’, ou ben ser unha deformación de *Maximus*, que en orixe significaba ‘o fillo máis vello’.

Miguel

Do hebreo *Mikha’el*, ‘quen coma Deus?’, que pasou ao grego e ao latín como *Michael*.

Miro

Nome de orixe xermánica, do gótico *Mereis*, ‘o que é máis grande, famoso, poderoso’.

Variante: Mirón.

N

Nadal

Do nome latino *Natalis*, tomado de *dies natalis*, ‘día do nacemento’.

Nereu

Do nome grego *Neréus*, derivado de *narós*, ‘que escorrega’.

Variane: Nereo.

Néstor

Do nome persoal grego *Néstor*, probablemente forma abreviada de *Eunés-tor*, ‘que regresa felizmente’.

Nicanor

Do grego *Nicánor*, ‘home vitoriosos’.

Nicolao

Do grego *Nikoldós*, ‘vencedor entre o pobo’, que pasou ao latín como *Ni-colaus*.

Variantes: Nicolau, Nicolás, Colás.

Noé

Do nome persoal hebreo *Noah*, que posiblemente significaba ‘apracible’, ‘manso’. Tamén podería significar ‘de longa vida’.

Noel

Do latín *Natale*, ‘día de Nadal’ ou ‘día do nacemento’, a través do francés *Noël*.

Nuno

De orixe incerta, se cadra do latín *nonnus*, ‘monxe’, ou, máis probablemente, voz da linguaxe infantil para designar o marido da ama de cría (e, de aí, o actual italiano *nonno*, ‘avó’). De aquí chegaría, co tempo, a ser unha forma respectuosa para designaren os frades novos aos vellos.

O

Odilo

Do xermánico *Odilo*, diminutivo de *Odo*, procedente da voz **aud-*, ‘pose-sión, riqueza’.

Variante: Odilón.

Olavo

Do noruegués antigo *Anleifr*, ‘legado dos antepasados’.

Variante: Olaf.

Oliver

Do latín *Olivarius*, ‘oliveira’. É un nome simbólico, xa que a oliveira repre-senta a paz.

Variante: Oliveiros, Oliverio.

Onofre

Parece ser un dos poucos nomes exipcios que chegou á nosa antroponi-mia. Podería ser o epíteto do deus Osiris resucitado, que significaría ‘o que é sempre feliz’.

Ordoño

Do latín medieval *Ordonius*, de orixe escura, probablemente vasca, que po-dería estar relacionado con *urde*, ‘xabaril’. En Galicia foi un nome relativa-mente frecuente na Idade Media.

Orente

No latín houbo un nome *Orientius* de significado ‘oriental’, ‘procedente do leste’. Unha variante moi próxima deste nome debeu de ser na Galia **Oriens*, *Orientis*. Do primeiro deriva Orencio e do segundo, Orente (e, quizais por confusión con *ouro*, Ourente).

Variantes: Ourente, Orencio.

Oscar

Nome de orixe xermánica cuxo significado é ‘lanza de Deus’. A forma galega leva o acento na última sílaba, como corresponde á etimoloxía, pero re-centemente, por influxo do cine, estendeuse a forma con acento na sílaba inicial.

Variante: Óscar.

Osián

De orixe escura. Para algúns procede do gaélico *oisin*, ‘cerviño’. Tamén é posible que teña que ver coa exclamación hebrea *Hoxianna!* (latinizada *Hosanna*).

Otón

Do xermánico *Oto* ou *Otho*, procedente de **aud-*, ‘posesión, riqueza’.

Variante: Odón.

P

Paio

Do latín *Pelagius* e este do grego *Pelagios*, ‘mariño, home de mar’.

Variante: Pai.

Pauliños

Procede de *Paulinus*, forma latina derivada de *Paulo* (véxase).

Variante: Paulino.

Paulo

Do latín *Paulus*, ‘pequeno’, talvez derivado dalgún alcume que un membro da *gens Aemilia* mereceu pola súa baixa estatura.

Variante: Paulos.

Pedro

Do latín *Petrus*, forma masculina de *petra*, ‘pedra, rocha’.

Variante: Pero.

Q

Quitán

Do latín *Caietanus*, xentilicio que designa a un ‘habitante da *Caieta* (hoxe Gaeta, en Italia)’ e que se volveu cognome latino, ‘da familia de Caio’.

Variantes: Quitán, Quiatán, Caitán, Caetán, Caetano.

R

Rainerio

Do xermánico *Raganhar* ou *Raginhar*, co significado de ‘exército divino, consagrado aos deuses; exército forte’.

Ramón

Do xermánico *Raginnmund*, quizais a través do catalán *Raimón*. Significa ‘a protección do consello divino’.

Raúl

De *Raoul*, forma francesa do xermánico *Radulf*, formado con *rad* (‘consello, conselleiro’) e (*w*)*ulf* (‘lobo’).

Rexinaldo

Do xermánico *Raginald*, ‘o que goberna co consello dos deuses’ ou ‘o que goberna con poder (de deuses)’.

Variante: Reinaldo.

Ricardo

Do xermánico *Richard*, ‘o señor valeroso, forte’.

Roberto

Do xermánico *Hrothberht*, ‘o que brilla pola súa fama’.

Roi

Do godo *Hrôthrikes*, latinizado en *Rodericus*. Significa ‘rico en gloria’. Segun-do o lingüista Ramón Lorenzo, debe levar acentuación aguda: Roí.

Variante: Rui.

Román

Do xentilicio latino *Romanus*, ‘romano’. Tiña, sobre todo, valor político: ‘ci-dadán de Roma’.

Romeu

Do baixo latín *romaeus*, que pasou a significar na Idade Media ‘romeiro, pe-regrino que vai a Roma’.

Roque

De etimoloxía moi discutida, probablemente a forma medieval *Rochus* é latinización dunha raíz xermánica. Podería ter relación con *hruc/hroks* (‘cor-vo’), co baixo alemán *rôke* (‘coidado, atención’) ou co antigo nórdico *hrókr* (‘home grande e forte’).

Rubén

Nome hebreo que se asocia tradicionalmente coa exclamación da bíblica Lía cando naceu o primeiro fillo que tivo con Xacob: *Raá beonyí*, ‘Deus viu a miña aflicción’. Tamén pode ser unha derivación de *Ri-bal*, ‘león’ ou ‘lobo’.

S

Sadurniño

Do latín *Saturninus*, ‘pertencente a *Saturnus*’, o rei máis antigo do Lacio, pos-teriormente identificado co deus *Kronos* grego.

Samuel

Do hebreo *Xemû’el*. O seu significado podería ser ‘pedido a Deus’, ou ben ‘descendencia de Deus’ ou ‘o que leva o nome de Deus’.

Sebaschán

Do latín *Sebastianus*, derivado do grego *sebastós*, ‘digno de respecto, venerable’. *Sebastós* era, como *Augustus*, título que se lles daba ao emperador e aos membros da súa familia.
Variantes: Sebastían, Bastián.

Serxio

Do latín *Sergius*, antiquísimo nome dunha familia romana, probablemente de orixe etrusca.

Siro

Derivado do latín *sirius*, ‘habitante de Siria’, e este do grego *Syros*, procedente de *seiros* (‘queimante’) en alusión ao caloroso do país.

Sueiro

Algúns entendidos afirman que ten que ver con *Osorio* e, daquela, a súa orixe estaría no vasco *otso*, ‘lobo’, ou no latín *ursus*, ‘oso’. Outros relaciónano coas formas medievais *Sugerius/Sudarius/Suarius* que dirixen a nosa atención cara ao latín *sus*, ‘porco’.

T

Tadeu

Do latín *Thaddeus*, adaptación aramea do grego *Theodoto* ou *Theodoro*, co significado de ‘agasallo de Deus’.

Telmo

O nome grego *Érasmus*, ‘amado, desexado’, transformouse en Italia en *Érmo/Ermo/Elmo*. Despois, *Sant Elmo* segmentouse erroneamente como *San Telmo*.

Tiso

Do latín *Thyrus*, procedente do grego *Thirsos*. Este era o emblema de Dionisio, que consistía nunha vara adornada con follas de parra coa figura do deus como un cetro e que se usaba nas bacanais cun carácter máxico-relixioso.
Variante: Tirso.

Tomé

Do latín eclesiástico *Thomas*, *-ae*, que reproduce o grego neotestamentario *Thomás* e este, pola súa vez, transliteración do arameo *tô’am.m*, ‘xemelgos’, e do árabe *tau’am*, *tu’âm*, ‘xemelgo’. A terminación en –é da forma tradicional galega posiblemente vén dun antigo xenitivo.
Variante: Tomás.

Trocado

Do latín *Torquatus*, ‘adornado cun torque’.
Variantes: Tocrado, Torcato, Trocado, Torgado.

U

Urbán

Do latín *Urbanus*, ‘cidadán, pertencente á cidade (particularmente a Roma)’ e despois ‘educado, pulido’.

Uxío

Do grego *Eughenios* a través do latín *Eugenius*. Significa ‘ben nacido, de boa caste’.
Variantes: Euxenio, Euxeo.

V

Valdo

Do xermánico *Wald*, palabra de múltiples significados: ‘bosque’, ‘exército’, ‘pobo’ e, especialmente, ‘gobernante’.

Valente

Do latín *Valentem*, ‘forte, san’.

Valentiño

Do latín *Valentinus*, derivado de *valens*, ‘que ten forza, saúde’.
Variante: Valentín.

Vasco

De orixe escura, talvez ibérica, ou relacionada co vasco *bela*, ‘corvo’. Tamén se ten interpretado como procedente do éuscaro *Belasko* (‘do prado na ladeira baixa dun monte’).

Venceslau

Do antigo checo *večeslav*, ‘moi glorioso’, a través do latín eclesiástico *Venceslaus*.

Vicenzo

Significa ‘o vencedor, o vitorioso’. Procede do latín *vencentem*, participio presente do verbo *uinco*, ‘vencer’.
Variantes: Vicencio, Vicente.

Vintil

Do xermánico *wini*, ‘amigo’, en latinización diminutiva *Wintilus*.
Variantes: Vintile, Vintila.

Vivián

Do latín *Vivianus*, derivado do xentilicio *Vibius*, correspondente ao etrusco *Vipi*. Por etimoloxía popular, foi relacionado co verbo *vivere*, ‘vivir’, e interpretado como nome augural cristián.
Variante: Bibián.

X

Xacobe

Nome de moi antiga tradición no hebreo. O étimo remoto é *Ya’acôbh*, nome do fillo de Isaac e Rebeca. O máis probable é que se trate dun nome teofórico que contén a raíz *qb*, ‘protexer’, co significado de ‘Deus protexeu’.
Variante: Xacob, Xaime, Xácome.

Xandre

Nome creado sobre o feminino Xandra (véxase).

Xavier

Topónimo éuscaro co significado de ‘casa nova’.
Variante: Xabier.

Xenaro

Nome que se lles aplicaba aos nenos nados no mes de xaneiro. Procede do italiano *Gennaro* e este, pola súa vez, do latín *lanuarius*, ‘xaneiro’.
Variante: Xaneiro.

Xenxo

Do latín *Genesisius*, nome da época cristiá, procedente pola súa vez do grego *Genesios*. Orixinariamente, era un adxectivo que significaba ‘natalicio’, pero só se aplicaba ás divindades.
Variantes: Xes, Xens.

Xeraldo

Nome xermánico. Significa ‘que domina, poderoso’.
Variantes: Xerardo, Xiraldo.

Xerome

Do latín *Hieronymus*, que procede do grego *Hyerónymos*, ‘nome sagrado’.
Variante: Xeromo.

Xesús

Do hebreo *Yeshua’*, a través do grego *lesoûs* e do latín *Iesus*. Significa ‘Deus salva, Deus é salvación’.

Xián

Procede nuns casos do latín *Iulianus*, pero neste nome conflúe tamén un nome xermánico, frecuente no galego medieval, nas formas *Egila* e *Egilanus*, e que significaba ‘puñal’.
Variantes: Xiao, Xillao, Xullán, Xulián, Xuiao.

Xil

A través do francés *Gilles*, que procede do latín tardío *Aegidius*, e seguramente de orixe grega, aínda que non moi clara: podería ter que ver con *aigidion* (‘cabuxo’), *aigis* (‘tempestade’) ou *aigidos* (‘escudo’). Outra hipótese faino proceder de *Aigidion* co significado de ‘fillo do Exeo’.
Variante: Exidio.

Xoán

Procede do hebreo *Yohanan* ou *Yehonan*, ‘Deus é misericordioso’.
Variante: Xan.

Xaquín

Do hebreo *Yohaquim*, ‘Deus endereita, pon no bo camiño’.
Variante: Xoaquín.

Xob

Do hebreo *llyobh* (‘o perseguido, o aflixido’), que pasou ao grego como *lo’b* e ao latín como *lob*.

Xoel

Nome hebreo co significado de ‘lavé é (o único) Deus’.

Xosé

Do hebreo *Yoseph*, ‘que Deus engada, multiplique’.

Xurxo

Do grego *Georgios*, ‘labrego, agricultor’.
Variante: Xorxe.

Xusto

Do latín *Iustus*, ‘dereito’. Para os cristiáns tiña o sentido engadido de ‘que está na fe xusta, que se axusta á rectitude cristiá’.

Z

Zanín

De orixe escura, quizais relacionado co grego *Zen*, acusativo de *Zeus*.
Variantes: Senén, Senín.

... e mais un feixe de apelidos

Igual que podes poñerlles aos teus fillos e fillas nomes de pía galegos, podes inscribilos no rexistro coa forma galega correcta dos vosos apelidos. Tamén está permitido, logo de acordo dos pais, decidir a orde dos apelidos. Deste xeito, procúrase que non se perdan algúns pouco frecuentes, pois os nomes e apelidos dunha lingua son unha riqueza que se busca preservar.

Velaquí unha pequena mostra de apelidos galegos coas súas orixes e significados. Se cadra, o teu pequeno ou pequena levará un dos desta breve escolma. A carón da forma que se considera correcta de acordo coa etimoloxía e regras de evolución do galego sitúanse ás veces, precedidas de asterisco, alteracións dela que poden ser corrixidas, se así o desexas, á hora de inscribires o teu bebé no rexistro civil (artigo 55 da Lei de Rexistro Civil e artigo 198 do Regulamento do Rexistro Civil).

A

Andrade

Apelido toponímico; é dicir, que inicialmente distinguiría a quen o levase por proceder dun lugar chamado Andrade ou Andreade. Este topónimo, pola súa vez, podería ter a súa orixe nun (*Villa*) *Andreati* (do xermánico *Andreatus*), que indicaría o nome do señor daquela terra.

Anes (*Yáñez e *Ibáñez)

O nome de pía Xoán/Johán produciu uns raros apelidos patronímicos que hoxe é difícil recoñecer: Anes, lanes, Eanes, Ennes, Enes ou Oanes. Todos eles significan ‘fillo de Xoán’.

B

Baamonde (*Bahamonde, *Vaamonde, *Vahamonde)

Designaba a alguén procedente dunha localidade así chamada. Os lugares Baamonde, na súa fundación, recibiron ese nome debido ao do seu poseedor ou señor: *Badamundus*.

Biéitez (‘‘Viéitez, *Vieites)

Significa ‘fillo de Bieito’ (véxase).
Variante: Bieites.

Branco (*Blanco)

Alcume que se lle daba a quen tiña o cabelo desta cor.

C

Caamaño

Podería ter a súa orixe nun topónimo ou ben, dado que en galego medieval significaba ‘grande’, nun alcume aplicado a un individuo de corpo grande e forte.
Variante: Camaño.

Cal

Con este apelido distinguírase, ao principio, a alguén que procedese dun lugar chamado Cal. A orixe do topónimo encontrámola no nome común cal (do latín *canale*), que significa ‘corrente de auga conducida artificialmente’.
Variantes: Dacal, Docal.

Cao

‘De cabelo branco’.

Costoia (*Costoya)

Aplicárase inicialmente a quen procedese dun lugar chamado Costoia. O étimo de Costoia pode ser o nome latino *custodia*, ‘garda, prisión’ e, daque-la, estes serían sitios onde se gardaban ou custodiaban propiedades ou se tiñan presas persoas. Por outra banda, en galego medieval aparece *custoia* e *costoia* co significado de ‘terreo encosto, encosta’.

D

Davila (*Dávila, *Villa)

Cun significado que pode ir desde unha casa coas súas terras ata unha cidade pequena, moitas poboacións galegas foron chamadas *vila* e delas procede o apelido Davila, inicilamente Da Vila. Variantes: Da Vila, Vila, Vilas.

Devesa

Apelido de orixe toponímica. Todos os etimoloxistas o remiten a un nome común devesa, procedente de *defensa*: ‘terra ou propiedade defendida por unha cerca ou valado’ e, posteriormente, ‘terra onde medran árbores en abundancia, pechada ou aberta’. Orixinariamente levaría a preposición *de*: Da Devesa.

E

Ervello (*Herbello)

Ten a súa orixe nun alcume polo que se lle atribuían a unha persoa as características dun ervello ou chícharo, quer pola súa baixa estatura, quer por algunha protuberancia rechamante da súa face.

Estévez

‘Fillo de Estevo’ (véxase).

F

Fariña

Alcume dado a moitos muiñeiros de maquía por andaren sempre empoeirados de branco.

Fernández

É o segundo apelido máis numeroso de Galicia. Significou nos inicios ‘fillo de Fernando’.

Figueiroa (*Figueroa)

Ten a súa orixe nun topónimo. O étimo de Figueiroa é *ficariola*, diminutivo de *ficaria*, ‘figueira’.

G

Gago

Procedente dun alcume. Signifca ‘tatexo’.

Gándara

De orixe toponímica. O substantivo común gándara dá nome a unha ‘terra chá e erma con vexetación baixa’.

Golpe

‘Intelixente, astuto’ coma un golpe ou raposo.

I

Ínsua

Orixinalmente debeu de ser Da Ínsua e referirse a unha persoa que viña dun lugar con ese nome. Ínsua procede do latín *insula* e, como nome común, designa unha terra rodeada de auga, especialmente dun río ou lago.

Ledo

Alcume meliorativo para un individuo de carácter alegre ou de aspecto saudable.

Lousada (*Losada)

(Casa ou Ponte) Lousada, é dicir, ‘cuberta de lousas’, sería o topónimo que estaría na orixe deste apelido.

M

Martíns (*Martínez)

‘Fillo de Martiño’ (véxase).

Variantes: Martís, Martiz.

Miguez (*Míguez, *Miguélez)

‘Fillo de Miguel’ (véxase).

Variante: Miguéns.

N

Nobás (*Novás, *Novas)

Ten a súa orixe nun topónimo que se relaciona co plural do substantivo nabal, ‘leira botada a nabos’. Variante: Nobais.

Núñez (*Núñez)

‘Fillo de Nuno’ (véxase).

O

Outeiro (*Otero)

Acompañaría inicialmente o nome de alguén procedente dun lugar chamado Outeiro precisamente por estar nunha lombra.

Preto (*Prieto)

Con orixe nun alcume aplicado a alguén de pel escura ou moura.

Q

Quintá (*Quintana)

Apelido procedente dun topónimo cuxo primeiro significado foi o de ‘terra pola que o labrego debe pagarlle ao señor unha quinta parte dos froitos obtidos’. Variante: Quintán.

R

Rodríguez

É o apelido máis usado en Galicia. Significa ‘fillo de Rodrigo’.

Romeu (*Romero)

Pode proceder do latín *romaeus* e aplicarse a aquel que semella peregrino ou estranxeiro ou ben do latín *ros marinus* e aludir a aquel que arrecende igual ca a planta chamada romeu.

Rouco

‘De fala fonda e áspera’.

Roxo (*Rojo)

Aplicado a alguén co pelo de cor roxa; é dicir, entre vermella e amarela, pero tirando a castaña, ou entre castaña e amarela, pero tirando máis a esta.

S

Sixirei (*Gigirey)

Inicialmente referíase a unha persoa procedente dun lugar chamado Sixirei ou Xixirei, cuxo étimo é (*Villa*) *Segeredi* ou *Sigeredi*, é dicir, pertencente a un señor chamado *Segeredus*.

Souto (*Soto)

Inicialmente Do Souto, é apelido formado a partir do nome de lugar de onde procedía o seu primeiro usuario. O nome común souto, do que vén o topónimo, significa hoxe ‘conxunto de árbores froiteiras, especialmente de castiñeiros’ e deriva do latín vulgar *saltu*, ‘pasto de montaña’.

Soutelo (*Sotelo)

Apelido de orixe toponímica. Diminutivo de souto (véxase).

T

Tato

‘Tatexo’.

V

Valboa (*Balboa, *Balbuena)

Indicaba o lugar de procedencia do seu primeiro usuario. Valboa está formado sobre *val* ou *vale*, que podía ser feminino no pasado, e *boa*.

Valcarce (*Valcárcel)

Apelido de orixe toponímica que nada ten que ver cun cárcere (*cárcel* en castelán). Máis ben podería ter a súa orixe no latín vulgar *vale*, ‘val’, e o nome de persoa *Caricus*. *Valle Carici*, en xenitivo, indicaría o nome do señor do val.

Varela

De orixe escura, podería ser un apelido toponímico procedente do nome común valela, diminutivo de val, do latín *vallis*. Tamén podería ter os seus inicios nun alcume relacionado con *varus*, ‘zambo, trencó, cambeiro’.

Veloso

Aplicado a un varón con moito velo ou pelo corporal.

X

Xamardo (*Jamardo)

Pode significar ‘xabaril’ ou ‘rudo, tosco’, aplicado a unha persoa forte e ruda.

Fontes:

Ferro Ruibal, X. (coord.): *Diccionario dos nomes galegos*.

Vigo, Ir Indo Edicións.

Méndez Ferrín, X. L.: *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos*.

Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

Edita:

Xunta de Galicia.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Colabora:

Consellería de Sanidade.

Depósito legal: C-135-2011



XUNTA
DE GALICIA